

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e un de xaneiro de dous mil dezanove; as once horas e quince minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catorce de xaneiro do dous mil dezanove (ordinaria) coa rectificación de erros que se transcribe no PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADOR DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. Ao abeiro do previsto no artigo 109 da Lei de procedemento administrativo común das Administracións públicas:” 2 as administracións públicas poderán, asemade, rectificar, en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, aritméticos e de feito existentes nos seus actos” engadir o posto nº 10 e 20 os ofertados e rectificar o prazo de presentación de proposicións a quince días a contar do seguinte , éste incluído, a partir da publicación do anuncio no BOP.

2.- OBRAS MAIORES.-

**LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN NAVE PARCELAS 22,23,24 DO
PARQUE EMPRESARIAL DESTILERÍAS XESTAL SL N° EXPEDIENTE
1502/2017 RIB /C/ 49.7/17**

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación presentada por don Iván Soto Rodríguez, en representación de Destilerías Xestal SL, con rexistro de entrada no concello de 27 de decembro de 2018, para nave no parque empresarial , parcelas 22,23,24, 2ª fase, referencias catastrais 32070A013008120000YP,32070A013008110000YQ, 32070A013008100000YG.

Consta no expediente :

-Certificado de dirección de obra e fin de obra , asinado polo enxeñeiro técnico industrial Esteban Campos Montero colexiado nº 393 polo COITI de Ourense, visado V180393-D1.

-Adxunto a certificado final de obra , visado V180393-D1.

Visto o informe emitido pola xefa de servizo de Aqualia Ribadavia, achegado con data de 4 de outubro de 2018 no que se informa: “ Da correcta realización das obras de conexión á rede de abastecemento e saneamento , seguindo as especificacións expostas dende esta concesionaria”

Visto o informe da arquitecta municipal de data 21 de xaneiro de 2019 no que se indica”

A nave conta con licenza de obras de data 19 de setembro de 2017.

En data 18 de xaneiro de 2018 xirase visita de comprobación , observase que a nave se axusta á Documentación Técnica presentada.

Conclusión: por elo infórmase favorablemente a licenza de primeira ocupación de Nave para Elaboración de Bebidas Espirituosas.

Ademais lembrar , que para o inicio da actividade o promotor deberá presentar comunicación previa de actividade sen obras, e solicitar autorización de vertidos ante o concello, presentando formulario de datos necesarios para a inclusión non censo de vertidos municipal , do que se achega copia, e analítica que recolla os datos incluídos en dito formulario. Tamén deberá presentar copia da solicitude de inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas alimentarias e alimentos , Agencia Española de Consumo, Seguridad alimentaria y nutrición.

En caso de producirse residuos perigosos : o promotor deberá solicitar a súa inscrición no Rexistro de produtores e xestores de Galicia, e presentar copia de dita solicitude ante o concello.”

A xunta de goberno acorda:

-Conceder licenza de primeira ocupación a Ivan Soto Rodríguez en representación de Destilerías Xestal SL para nave no parque empresarial , parcelas 22,23,24, 2ª fase, referencias catastrais 32070A013008120000YP,32070A013008110000YQ, 32070A013008100000YG.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADADÁNS.

-Escrito de don Gonzalo Gregorio Vergara que expón que con motivo do arranxo e limpeza do camiño 9001 Vias terrestres do concello de Ribadavia no termo das adegas polígono 52 parcela 14 ao sur de dito camiño cheouse a parcela de moita terra e gravilla e solicita que se lle indique se dita actuación a levaron a cabo empregados municipais ou unha empresa particular.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que foi realizado pola Deputación Provincial.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO

1.- Visto o escrito presentado por don Javier Vázquez Estévez solicitando acometida de auga en Carretera Filgueira 34 3°C Francelos , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de

acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 3-1-2019 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

2.- Visto o escrito presentado por dona Paula López García solicitando acometida de auga en rúa Rodríguez de la Fuente , 1 baixo, porta dereita , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 17-1-2019 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

3.- Visto o escrito presentado por dona Marta María Morán Martínez solicitando acometida de auga en rúa San Martiño 9, piso 1, Ribadavia , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 17-1-2019 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito do embaixador de Israel en España remitindo copia da carta remitida á alcaldesa de Hervás e Presidenta da Rede de Xuderías de España en relación á moción aprobada polo concello de Tudela solicitando ao goberno de España a imposición de sancions a Israel e a suspensión de relacións diplomáticas.

-Escrito del Defensor del Pueblo , con registro de salida 19002390 de 14/1/2019, asunto : vertido incontrolado de residuos y rotura de la infraestructura de depuración. La junta de goberno acuerda comunicar que el colector ha sido limpiado, que por parte de la empresa

concesionaria del servicio se ha detectado un tramo de cinco metros en que el colector está roto y que en breves fechas se procederá a su reposición.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

DEVOLUCIÓN DE AVAL

Vista a solicitude formulada por don Victor Manuel Martínez Rodríguez e don Roberto Lemos Fernández, en representación de Construcciones Lemos Martínez SL , con rexistro de entrada no concello 261 de 15 de xaneiro de 2019, no que solicitan:

“ Devolución del aval presentado ante el Excmo Ayuntamiento de Ribadavia como garantía para la obra “Adecuación e mellora da rúa Alvaro Cunqueiro e rúa Camiño da Barca”, por valor de 2.700,50 euros, , al haber ya pasado el período de garantía de la obra desde la fecha de recepción de la obra (25-08-2015).”

Visto o informe do director de obra de data 9 de xaneiro de 2019 no que se conclúe:
“Pasado el período de garantía establecido en el contrato de dicha obra , desde la fecha de recepción de la misma (25-08-2015) y visto el estado de la obra ejecutada a la fecha actual, sin que presente defectos visibles, desde el punto de vista técnico se puede proceder a la devolución de la fianza”

A xunta de goberno , por unanimidade, acorda:

-Devolver a Construcciones Lemos Martínez SL o aval por importe de 2.700,50 euros correspondente a obra “ Adecuación e mellora da Rúa Alvaro Cunqueiro e da rúa Camiño da Barca”

DEVOLUCIÓN DE AVAL

Vista a solicitude formulada por don Victor Manuel Martínez Rodríguez e don Roberto Lemos Fernández, en representación de Construcciones Lemos Martínez SL , con rexistro de entrada no concello 262 de 15 de xaneiro de 2019, no que solicitan:

“ Devolución del aval presentado ante el Excmo Ayuntamiento de Ribadavia como garantía para la obra Reforma de las Infraestructuras da Praza de Abastos , II Fase, por valor de 4.380,67 euros, , al haber ya pasado el período de garantía de la obra desde la fecha de recepción de la obra (13-11-2015).”

Visto o informe do director de obra de data 9 de xaneiro de 2019 no que se conclúe:
“Pasado el período de garantía establecido en el contrato de dicha obra , desde la fecha de recepción de la misma (13-11-2015) y visto el estado de la obra ejecutada a la fecha actual, sin que presente defectos visibles, desde el punto de vista técnico se puede proceder a la devolución de la fianza”

A xunta de goberno , por unanimidade, acorda:

-Devolver a Construcciones Lemos Martínez SL o aval por importe de 4.380,67 euros correspondente a obra de Reforma das Infraestruturas da Praza de Abastos Fase II.

RESOLUCION DO 26 DE DECEMBRO DE 2018, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURÍSTICOS E A XEODESTINOS DE GALICIA PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2019.-

“Vista a Resolución do 26 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2019, publicada no DOGA nº 15, de 22 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención e comprometerse a financiar o importe das actividades que non resulte subvencionado ao abeiro desta Resolución ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución”.

PETICION DE SUBVENCIONS.-

Orde do 18 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servicios municipais, destinadas os concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante de xestión compartida.

O abeiro da Orde do 18 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servicios municipais, destinadas os concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante de xestión compartida, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora parque infantil de Francelos: creación de circuito de seguridade vial e zona de xogo de estimulación cognitiva”, por importe de 48.396,35 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

RENUNCIA A CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Don Rodrigo Viera López**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 58, Ribadavia, no que solicita a renuncia a concesión do postos núm. 10 da planta semisotano da Praza de Abastos, para venda de carne, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesoureria os efectos oportunos.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de novembro 2018, por importe de 666 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de decembro 2018, por importe de 592,10 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas e vinte e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE